

Celga



3

PROBA B (ORAL)

Caderno dos examinadores



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C3-B-12

PARTE 1 (Transcripción do texto oral)

CONVOCATORIA:	Xuño 2014	NIVEL:	Celga 3	PROBA:	C3-B-12
TÍTULO:	Ramón María Aller	PROGRAMA:	Historias de Galicia		
FONTE:	TVG	EMISIÓN:	12/02/2009	DURACIÓN:	6:01
		INICIO:	12:49	REMATE:	18:50
WEB:	http://crtvg.es/reproductor/ipantalla.asp?canal=tele&arquivo=1&Programa=HISTORIAS DE GALICIA&hora=26/05/2010 22:21:36&fecha=12/02/2009&opcion=menu&id_Programa=158&formato=&mp3=&medio=				
OBSERVACIÓNS:					

A continuación, vostede vai ver unha reportaxe sobre o científico Ramón María Aller dúas veces seguidas. Tome as notas que precise.

VOZ EN OFF: Ramón María Aller é un mozo *lalinés* de quince anos. Rematou o bacharelato con moi boas notas e acaba de ingresar no seminario de Lugo. Hoxe está na súa casa familiar en Lalín, dedicando o seu tempo ao que máis lle gusta: a ciencia. Nesta afección sempre contou co apoio da súa avoa, Camila Ulloa. Ela séntese orgullosa polas boas notas e pola conduta exemplar do seu neto. Por iso, ten un regalo para el. Un regalo que o rapaz agardaba desde hai tempo e que vai marcar o seu futuro. Trátase dun anteollo de sesenta e sete milímetros de abertura, ou sexa, un pequeno telescopio para mirar o ceo e para estudar as estrelas. As estrelas que tanto chaman a atención de Ramón María Aller, desde que era moi pequeno.

PRESENTADOR: Con aquel anteollo, este home iniciou unha carreira científica singular, marcada, coma no caso de Fontán, pola escaseza de medios. Pero todas as dificultades supliunas con moita dedicación *i* esforzo.

VOZ EN OFF: Ramón María é sacerdote *i* un home moi querido na vila. Todos o teñen por unha persoa boa e humilde, xa que renunciou a calquera cargo ou retribución na igrexa. E tamén o consideran un home sabio. Aller non esqueceu a súa vocación científica, segue como cando era neno, esperando a que chegue a noite para mirar as estrelas.

Unha vez licenciado en Ciencias Exactas e, grazas aos cartos da familia e ao seu empeño, conseguiu construír no patio da súa casa un observatorio astronómico. A cúpula foi deseño do propio Aller e alí garda todo o instrumental que foi recompilando cos anos. No ano 1932, os arquivos do Seminario de Estudos Galegos publican o programa de estudos do observatorio de Lalín. O programa persegue tres obxectivos: as medidas das estrelas dobres, o exame de superficies planetarias *i* a observación de cometas e estrelas fugaces. Un traballo inxente realizado con escasos medios e que fascinou a toda a sociedade astronómica europea.

PRESENTADOR: Neste pequeno observatorio de Lalín, hoxe case sepultado por esa *moderneza* arquitectónica, Aller foi o primeiro en calcular a órbita dunha estrela dobre en España. Para iso tivo que superar o illamento e a falta de comunicación con outros astrónomos. Hoxe, na era do teléfono móbil e de internet, iso é difícil de entender, pero Aller, que falaba varios idiomas, só contaba co correo para comunicarse con outros colegas de profesión.

VOZ EN OFF: Aller leva días agardando carta do seu colega Paul Weiss, astrónomo do observatorio de París, a quen lle escribe frecuentemente. Comproba con satisfacción que a misiva é do francés. Este, por fin envíalle os datos que lle pedira Aller, datos referidos á estrela dobre, O sigma 77, observada tamén polo potente telescopio de París. Con estes datos e cos obtidos das súas constantes e minuciosas observacións, Aller cre que está xa capacitado para calcular a órbita do astro estudado.

PRESENTADOR: Aller foi un pioneiro porque en Galicia non había tradición astronómica e, ademais, estaba moi afastada dos grandes centros de observación, como París ou Berlín. El foi o indutor do estudo das estrelas dobres en España. Pero, que son as estrelas dobres? E por que son tan importantes na astronomía?

VOZ EN OFF: Estrelas dobres ou binarias son unha parella de estrelas que se manteñen atraídas constantemente pola forza de gravitación de cada unha delas e que xiran *en torno a* un centro común. A través dos telescopios *pódese* observar e calcular as órbitas destes astros. Calculando as órbitas, lógrase determinar a masa das estrelas e isto é moi importante para os astrónomos porque con eses datos poden *predecir* a evolución das estrelas; por exemplo, poden *predecir* cando van morrer.

PRESENTADOR: Este libro recolle as publicacións científicas de Ramón María Aller. No ano 1935, a revista alemá *Astronomische Nachrichten* publicaba este traballo titulado "Órbita da estrela dobre O sigma 77". O éxito científico de Aller foi moi importante, pero ese éxito só lle serviu para tomar folgos e seguir traballando, aínda que para iso tivo que deixar a súa vila.

VOZ EN OFF: Aller debe abandonar Lalín para iniciar unha nova etapa vital e profesional. O seu destino é a Universidade de Santiago, onde vai compaxinar o seu labor investigador no ámbito da astronomía coa docencia. Vai impartir clases de Análise Matemática e de Xeometría Analítica.

PRESENTADOR: Pero a verdadeira razón da chegada de Ramón Aller a Santiago foi esta: o observatorio da universidade construído en 1943 e que hoxe leva o seu nome. A construción deste observatorio fora unha das promesas que a universidade lle fixera a Ramón Aller. E outra das promesas era a compra dun refractor de polo menos trinta centímetros de abertura, pero foi unha promesa que non chegou a ver cumprida.

VOZ EN OFF: A pesar de carecer de apoios e de medios técnicos, descubriu a órbita doutras tres estrelas dobres. O apoio que Ramón Aller non atopou nas institucións déronllo os seus alumnos. Mestre querido e admirado, foi mentor dos homes que hoxe en día encabezan a investigación astronómica en España. A súa foi unha vida dedicada á ciencia. Ata os oitenta e seis anos traballou cada día no observatorio. Só a enfermidade puido con el. No ano 1964, regresaba a Lalín, onde morrería en 1966.

PARTE 2

<p>1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL</p>	<p>1-2 minutos aprox.</p>
<p>Orientacións para o avaliador: esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que o candidato se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que o poidan incomodar ou as que resulten molestas.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Como está? ▪ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea... ▪ Canto tempo leva estudando galego? Por que o estuda? ▪ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? <p>(Se procede)</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Que lle gusta máis da cultura galega? ▪ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa? 	
<p>2. RESUMO</p>	<p>3 minutos aprox.</p>
<p>Orientacións para o avaliador: o candidato ten que realizar un resumo do audio. Nesta fase preténdese comprobar que o candidato entendeu o contido da entrevista. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha(s) das seguintes preguntas:</p>	
<p>Faga un resumo do contido do audio.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ A que se dedicaba Ramón María Aller? ▪ Onde pasou a súa vida? ▪ Estaba en contacto co resto da comunidade científica? Como? ▪ Que descubrimentos fixo? 	
<p>3. EXPOSICIÓN</p>	<p>3-4 minutos aprox.</p>
<p>Orientacións para o avaliador: o entrevistador escollerá unha das alternativas das que se propoñen e, a partir dela, diralle ao candidato que faga unha exposición de 2-3 minutos, na cal defenda o seu punto de vista ou argumento sobre ese tema. Daráselle 1 minuto para pensar ou organizar o seu discurso e indicárselle o tempo aproximado de duración. É moi importante que se realice esta parte para que o candidato poida ser debidamente avaliado. Se o candidato tarda en iniciar a súa exposición, poderáselle axudar con preguntas do tipo: Que opina vostede sobre isto? Está de acordo? Parécelle necesario? Quere engadir algo máis? Se non a realiza, haberá que respectar un pouco o seu silencio para deixar en evidencia que non está cumprindo esta parte da tarefa, pero EN NINGÚN CASO se pasará inmediatamente ás preguntas de interacción da seguinte parte.</p>	
<p>Realice unha exposición acerca do seguinte enunciado:</p> <ul style="list-style-type: none"> A. "Se temos vontade, sempre podemos chegar a onde nos propoñemos, a pesar das limitacións de medios ou de lugar". B. "Para lograr o éxito nun proxecto é imprescindible o apoio dun mentor". C. "Cando hai talento e dedicación, sempre se ven recompensados, en calquera campo de traballo". D. "Cando alguén ten vocación, hai que animalo, aínda que os resultados non parezan seguros". 	

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para o avaliador: logo da exposición, establecerase un diálogo co candidato. A opción de preguntas que se lle dará ao candidato (A, B, C...) debe coincidir coa opción do enunciado do ítem anterior. Agora ben, estas preguntas NON consisten nun interrogatorio; son só suxestións e DEBEN ADECUARSE, na medida do posible, ao discurso do candidato.

OPCIÓN A

“Se temos vontade, sempre podemos chegar a onde nos propoñemos, a pesar das limitacións de medios ou de lugar”

- Vostede pensa que se pode destacar en calquera campo sen que contén as condicións persoais ou familiares? De que xeito?
- Coñece algún caso no que alguén sobresaíse no seu campo cando parecía que o tiña todo en contra?
- Considera que Ramón María Aller o tería máis doado de nacer noutro sitio? Por que?
- Se tivese que vivir noutro lugar para dedicarse á súa profesión, faríao? Por que?
- Coñece alguén que se dedica á investigación? En que área(s)?
- Cre que, en xeral, o obxectivo dos científicos é axudar a comunidade? Por que? Que outro(s) beneficio(s) cre que poden ter?
- (Se procede) Coñece algún caso parecido ao de Aller no seu lugar de orixe?

OPCIÓN B

“Para lograr o éxito nun proxecto é imprescindible o apoio dun mentor”

- Na súa vida houbo ou hai alguén que lle axudase ou o orientase persoal ou profesionalmente?
(Resposta afirmativa) Como?
(Resposta negativa) Gustaríalle que alguén, nalgún momento da súa vida, o axudase?
- Vostede foi ou é mentor de alguén?
(Resposta afirmativa) Como?
(Resposta negativa) Gustaríalle?
- Para chegar a unha boa posición laboral, cre que os contactos poden axudar?
- Se puidese recorrer a recomendacións para conseguir un posto de traballo ou un ascenso, faríao? Por que?
- (Se procede) Coñece algún caso parecido ao de Aller no seu lugar de orixe?

OPCIÓN C

“Cando hai talento e dedicación, sempre se ven recompensados, en calquera campo de traballo”

- Vostede cre que para ser un profesional de éxito hai que traballar moito? Por que?
- Cre que os traballadores dedicados son sempre recompensados? Como? Coñece algún caso?
- Cre que a vocación é algo innato ou tamén se pode lograr coa formación? Coñece algún caso?
- Considera que os mellores profesionais o son pola experiencia ou pola formación? Por que?
- Coñece algún caso dun profesional moi traballador que nunca fose ascendido?
- Cre que unha persoa que acaba de rematar a súa formación pode exercer ben a súa profesión? Por que?
- Para chegar a unha boa posición cre que conta máis a sorte ou a dedicación? Por que?
- (Se procede) Coñece algún caso parecido ao de Aller no seu lugar de orixe?

OPCIÓN D

“Cando alguén ten vocación, hai que animalo, aínda que os resultados non parezan seguros”

- Pensa que hai que fomentar a vocación en todos os casos? De que xeito?
- Cre que no ensino hoxe en día se fomenta a vocación? Coida que se debería fomentar? Por que?
- Coñece alguén que destacase nalgún ámbito grazas ao apoio incondicional da súa familia, a pesar das dificultades?
- Que faría no caso de que un familiar ou coñecido seu quixese seguir unha carreira profesional arriscada? Que consellos lle daría?
- Hoxe en día, considera máis importante a vocación ou a demanda do mercado laboral? Por que?
- (Se procede) Coñece algún caso parecido ao de Aller no seu lugar de orixe?